

ADDENDA AO PEC

1.0

IES FIN DO CAMIÑO

O día 30 de decembro de 2020 publicouse no BOE a Lei Orgánica de Modificación da LOE (2006) A implantación da nova lei realízase de xeito progresivo desde o curso 2020-21. Durante este curso escolar 2021-22, as modificacións introducidas afectarán á avaliación, promoción e titulación e ás condicións de acceso ás diferentes ensinanzas.

O 11 de febreiro de 2022 publícase no DOG a ORDE do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.

A elaboración desta addenda ten como obxectivo recoller eses cambios, particularmente os relativos á avaliación, promoción e titulación da ESO.

PUNTOS A SUBSTITUIR DO PEC DO IES FIN DO CAMIÑO

5.2. As competencias clave na nosa concreción curricular.

Normativa: Real Decreto 217/2022, do 29 de marzo.

Todo o profesorado do centro contribúe á formación xeral do alumnado transmitindo, de maneira específica, os coñecementos propios de cada materia. Estes coñecementos deben adquirirse se de forma consciente e razoada para que, unha vez integrados na bagaxe cultural do individuo, contribúan ao seu desenvolvemento como persoa. Por outra banda, estes coñecementos han de ir ligados á adquisición das competencias para contribuír á formación integral do alumnado, que lle permita obter unha visión global do mundo que lles rodea.

Enténdese por competencias as capacidades para aplicar de forma integrada os contidos propios de cada ensino e etapa educativa, co fin de lograr a realización adecuada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos.

As competencias clave do currículo serán as seguintes:

- a. Competencia en Comunicación lingüística (CCL)
- b. Competencia Matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT):
- c. Competencia Dixital (CD).
- d. Competencias Sociais e Cívicas (CSC).



- e. Competencia en Conciencia e Expresións Culturais (CCEC).
- f. Competencia Aprender a Aprender (CAA).
- g. Competencia en Sentido de Iniciativa e Espírito Emprendedor (CSIEE).

As competencias clave deben estar integradas nas áreas ou materias das propostas curriculares, e nelas definirse, explicitarse e desenvolverse suficientemente os resultados de aprendizaxe que os alumnos deben acadar. Tódalas áreas ou materias do currículo deben participar, desde o seu ámbito correspondente, no desenvolvemento das distintas competencias do alumnado.

Os criterios de avaliación deben servir de referencia para valorar o que o alumnado sabe e sabe facer en cada área ou materia.

5.6. Decisións sobre a avaliación, promoción e titulación.

5.6.1. Avaliación.

1. Avaliarase o rendemento global incluíndo, ademais dos coñecementos específicos de cada materia, a asistencia ás clases, a atención e disposición para seguir as indicacións do docente, a participación activa na clase e a elaboración das tarefas encomendadas sobre as materias do curso
2. A avaliación será continua, é dicir, elaborárase ao longo de todo o curso e coas valoracións que o profesorado reúna do rendemento a través de todos os datos observables, tales como preguntas na clase, exercicios e traballos, cadernos, resumos, técnicas de traballo propias de cada materia, comentarios de libros, etc. e, por suposto, controis e exames presenciais.
3. Para obter unha valoración positiva ao final do curso é necesario que, ademais de asistir a clase e realizado as tarefas encomendadas, o estudante progresase con respecto ao nivel inicial e, sobre todo, é imprescindible que adquirise os coñecementos e que sexa capaz de expoñelos, polo menos, nos niveis mínimos esixidos en cada nivel, mediante as probas que se realicen ao longo do curso.
4. O alumnado avaliado negativamente en xuño, tanto na materia do curso como nas pendentes de cursos anteriores, poderán superar a ou as materias nas probas extraordinarias de setembro.
5. En caso de ausencia ou baixa do docente titular e ante a imposibilidade de comunicarse con el, será o departamento quen asuma a valoración do proceso de aprendizaxe do alumnado.

Sesións de avaliación.

A avaliación de aprendizaxe do alumnado levarase a cabo tomando como referentes para a comprobación do grao de adquisición de competencias e do logro dos obxectivos da etapa os criterios de avaliación e, de ser o caso (2º e 4º de ESO), os estándares de aprendizaxe que se recollen no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

Na seguinte táboa, recóllese a finalidade de cada unha das sesións de avaliación:

Sesións de Avaliación	
	Carácter da avaliación.
Avaliación inicial	Informativa, sobre as características do grupo e aspectos individuais a ter en conta: materias, medidas de apoio, atención específica,... Non ten peso na avaliación das materias (sen notas).
1ª Avaliación	Informativa, procurando coordinación e con notas numéricas para determinar a evolución académica ata o momento.
2ª Avaliación	Informativa, procurando coordinación e con notas numéricas para determinar a evolución académica ata o momento.
3ª Avaliación	Informativa, procurando coordinación e con notas numéricas para determinar a evolución académica ata o momento. O equipo docente elaborará un breve informe individualizado para o alumnado con materias suspensas. (Anexo I)
Avaliación Final Ordinaria	Decisiva respecto da promoción ou titulación. Elaborarase o consello orientador en 2º e 4º da ESO. (Xade)

- O período abranguido entre a terceira avaliación parcial e a final dedicarase a actividades de reforzo, ampliación, recuperación e titoría.
- Na avaliación final de cada curso realizarase unha valoración das competencias clave. Os resultados expresaranse nos termos de insuficiente (IN), para as cualificacións

negativas, e suficiente (SU), ben (BE), notable (NT) ou sobresaliente (SB), para as cualificacións positivas.

- Para realizar a avaliación das competencias clave elaborouse unha plantilla por cada curso onde se recolle a puntuación que se lle dá a cada unha das materias, acadando maior peso unhas que outras en función da instrumentalidade da competencia na materia. Esta plantilla deberá cubrila todo o equipo docente antes da celebración da avaliación final para así axilizar a mesma, e tela en conta á hora de tomar decisións de cara a promoción ou titulación..
- A persoa titora recollerá en acta, para cada sesión de avaliación, as decisións e os acordos acadados referidos a cada alumna e alumno, e ao grupo no seu conxunto.
- As decisións adoptadas polo equipo docente irán referidas á promoción e á titulación do alumnado, ás medidas de atención á diversidade e a todas as que incidan no proceso educativo do alumnado. De non existir unanimidade no equipo docente, a toma de decisións requirirá o acordo favorable da maioría simple dos seus membros.
- A efectos das posibles votacións dentro do órgano colexiado de avaliación so poderán emitir voto aqueles/as docentes que imparten directamente clase ao alumnado en cuestión.

5.6.1.6. Avaliación e materias pendientes.

Materias do curso

O alumnado con materias suspensas ao longo do curso poderán superalas coa aplicación conxunta ou individual dos seguintes sistemas:

- a) Con recuperacións parciais
- b) Cunha proba final global do nivel.
- c) Pola aplicación dos sistemas que os departamentos estipulen (medias aritméticas, ponderadas, geométricas,...)

Cada departamento fixará na súa programación que sistema adopta para a recuperación das materias do curso.

Materias pendentes

Os departamentos, de acordo coa Xefatura de Estudos e en función da dispoñibilidade de profesorado, poderán programar clases semanais de repaso para estes alumnos e alumnas.

Os alumnos con materias pendentes de cursos anteriores poderán superar estas materias das seguintes formas:

- a O alumnado realizará como mínimo unha proba final, a cuxa valoración se unirá a da realización de exercicios e tarefas encomendadas, e a que o profesor faga da súa asistencia, actitude e participación na clase.
- b Nas materias nas que fose posible superar a materia a través da realización de exercicios e tarefas encomendadas. a proba final so será necesaria para aqueles estudantes que non a superaran a través dos exercicios.

A avaliación do alumnado con materias pendentes que precise realizar parciais ou/e unha proba final, farase en datas non coincidentes coas avaliacións ordinarias. As datas destas probas serán fixadas dende a xefatura de estudos. O alumnado recibirá un informe que lles será entregado polo seu titor ou titora coa cualificación obtida.

Coa finalidade de lles facilitar a recuperación destas materias, os respectivos departamentos didácticos elaborarán os seus *plans de recuperación* dos que informarán ao alumnado. Será o Xefe de Departamento o encargado de avaliála.

Os resultados de todo este proceso serán reflectidos en cada avaliación parcial e na avaliación final ordinaria, onde se fará constar a súa cualificación final.

5.6.2. Criterios de promoción.

1. Ao finalizar cada un dos cursos da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente da alumna ou do alumno, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a súa promoción. A decisión será adoptada de xeito colexiado, atendendo á consecución dos obxectivos, ao grao de adquisición das competencias establecidas e á valoración das medidas que favorezan o progreso da alumna ou do alumno, e tendo en conta os criterios de promoción.

2. Para os efectos do disposto no punto anterior, acadará a promoción dun curso a outro o alumnado que superase as materias ou os ámbitos cursados ou teña avaliación negativa nunha ou dúas materias, considerándose para o cómputo as materias non superadas do propio curso e as de cursos anteriores. Ademais de nos casos anteriores, o

equipo docente poderá decidir a promoción dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes:

- a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.
 - b) Que o equipo docente considere que a natureza das materias non superadas lle permite seguir con éxito o curso seguinte.
 - c) Que o equipo docente considere que ten expectativas favorables de recuperación, e que o equipo docente considere que a devandita promoción beneficiará a súa evolución académica.
3. O alumnado que acade a promoción de curso con materias sen superar deberá seguir un plan de reforzo en cada unha desas materias, destinado á súa recuperación e á súa superación.
4. Para a elaboración e o seguimento do plan de reforzo a que se refire o punto anterior, seguirase o establecido no artigo 51 da Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
5. O alumnado que non acade a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso. A permanencia no mesmo curso considerarase unha medida de carácter excepcional e tomarase logo de esgotar as medidas ordinarias de reforzo e apoio para superar as dificultades de aprendizaxe da alumna ou do alumno. En todo caso, a permanencia no mesmo curso planificarase de maneira que as condicións curriculares se adapten ás necesidades do alumnado e estean orientadas á superación das dificultades detectadas, así como ao avance e ao afondamento nas aprendizaxes xa adquiridas. Estas condicións recolleranse nun plan específico personalizado con cantas medidas se consideren adecuadas para este alumnado.
6. Para a elaboración e o seguimento do plan específico personalizado a que se refire o punto anterior, seguirase o establecido no artigo 52 da Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a

atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

7. En todo caso, a alumna ou o alumno poderá permanecer no mesmo curso unha soa vez, e dúas veces como máximo ao longo do ensino obrigatorio. De xeito excepcional poderase permanecer un ano máis no cuarto curso, aínda que se esgotase o máximo de permanencia, sempre que o equipo docente considere que esta medida favorece a adquisición das competencias establecidas para a etapa. Neste caso poderase prolongar un ano o límite de idade a que se refire o artigo 4.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

5.6.2.4. Criterios de titulación.

1. Ao finalizar o cuarto curso da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente da alumna ou do alumno, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a súa titulación. A decisión será adoptada de xeito colexiado, atendendo á adquisición das competencias establecidas e á consecución dos obxectivos da etapa, sen prexuízo do establecido no artigo 7.2 desta orde, e tendo en conta os criterios de titulación.

2. Para os efectos do disposto no punto anterior, obterá o título de graduado en educación secundaria obrigatoria o alumnado que supere todas as materias ou ámbitos cursados. Ademais de no caso anterior, o equipo docente poderá decidir a obtención do título por parte dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes:

- a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.
- b) Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno adquirise as competencias establecidas.
- c) Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno alcanzase os obxectivos da etapa.

3. O título de graduado en educación secundaria obrigatoria será único e expedirase sen cualificación.
4. As alumnas e os alumnos recibirán, ao concluíren a súa escolarización na educación secundaria obrigatoria, unha certificación oficial en que constará o número de anos cursados e o nivel de adquisición das competencias da etapa.
5. O alumnado que, logo de finalizado o proceso de avaliación do cuarto curso de educación secundaria obrigatoria, non obteña o título e supere os límites de idade establecidos no artigo 4.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, tendo en conta así mesmo a prolongación excepcional da permanencia na etapa que prevé a propia lei no artigo 28.5, poderao facer nos dous cursos seguintes a través da realización de probas ou actividades personalizadas extraordinarias das materias que non superase, de acordo co currículo establecido e coa organización e instrucións que dispoña a Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional.

5.10 (novo) Reclamacións.

Segundo o establecido na ORDE do 2 de marzo de 2021 pola que se regula o dereito do alumnado á obxectividade na avaliación e se establece o procedemento de reclamación das cualificacións obtidas e das decisión de promoción e obtención do título académico que corresponda, en educación secundaria obrigatoria e bacharelato.

Artigo 4:

No caso de estar en disconformidade coa cualificación final obtida nunha materia ou ámbito ou coa decisión de promoción adoptada para un alumno o alumna, este ou os pais nais ou tutores legais poderán solicitar por escrito a revisión da devandita cualificación ou decisión, nun prazo de dous días lectivos ou de ser o caso hábiles, contados a partir do día seguinte a aquel en que se produciu a súa comunicación.

No primeiro día lectivo, seguinte a aquel en que finalice o período de solicitude de revisión, cada Departamento didáctico procederá ao estudo das solicitudes de revisión recibidas e elaborará un informe no que recollan a descrición de feitos e actuacións

previas que tivesen lugar e a decisión adoptada de modificación ou de ratificación da cualificación obxecto de revisión.

No proceso de revisión da cualificación final obtida nunha materia ou ámbito, os membros do departamento constatarán as actuacións seguidas para levar a cabo o proceso de avaliación do alumno/a co establecido na programación didáctica, con especial referencia aos seguintes aspectos, que deberán recollese no informe:

- a) Adecuación dos contidos, criterios de avaliación sobre os que se levou a cabo a avaliación do proceso de aprendizaxe do alumno ou alumna cos recolleitos na programación didáctica.
- b) Adecuación dos procedementos e instrumentos de avaliación aplicados co sinalado na programación didáctica.
- c) Correcta aplicación dos criterios de cualificación establecidos na programación didáctica para a superación do ámbito ou materia.
- d) A decisión debidamente motivada da ratificación ou modificación da cualificación final obxecto de revisión.

O departamento correspondente trasladará o informe elaborado á xefatura de estudos, quen comunicará por escrito como máximo no día lectivo seguinte, ou se for o caso, hábil, ao alumno ou alumna e aos seus pais, nais, titores legais a decisión razoada da ratificación ou modificación da cualificación revisada e informará da mesma ao profesor titor ou titora facéndolle entrega dunha copia do escrito cursado co xustificante de recepción pertinente.

Á vista do informe elaborado polo equipo docente ou departamento didáctico e en función dos criterios de promoción e titulación establecidos con carácter xeral no centro e aplicados ao alumno ou alumna, a xefatura de estudos e a persoa docente titora, como persoa coordinadora do proceso de avaliación, considerarán a pertinencia de reunir en sesión extraordinaria o equipo docente co fin de que este, en función dos novos datos achegados ou pola solicitude das persoas proxenitoras ou persoa que desempeñe a representación legal, se for o caso, valore a necesidade de revisar as decisións adoptadas.

Cando a solicitude de revisión teña por obxecto a decisión de promoción ou titulación adoptada para un alumno ou alumna, celebrarase unha reunión extraordinaria no prazo máximo de dous días lectivos, ou se for o caso hábiles, desde a finalización do período de solicitude de revisión. Na reunión revisarase o proceso de adopción da dita medida á vista das alegacións realizadas.

Na acta da sesión extraordinaria recollerase a descrición de feitos e actuacións previas que tivesen lugar, os puntos principais das deliberacións do equipo docente e a ratificación ou modificación da decisión obxecto da revisión, razoada e motivada conforme os criterios para a promoción ou titulación dos alumnos e alumnas establecidos con carácter xeral na proposta curricular.

A dirección do centro comunicará por escrito ao alumno ou alumna e ás súas persoas proxenitoras ou persoa que desempeñe a representación legal a ratificación ou modificación razoada da decisión de promoción ou titulación, o que porá fin ao procedemento de revisión.

PROCEDEMENTO DE RECLAMACIÓNS ANTE AS DIRECCIÓNS PROVINCIAIS ANTE AS DIRECCIÓNS PROVINCIAIS OU CONSELLERÍAS DE EDUCACIÓN.

No caso de que, tras o procedemento de revisión no centro, persista o desacordo coa cualificación final do curso obtida nunha materia ou ámbito ou coa decisión sobre a promoción adoptada polo equipo docente, o alumno ou alumna, os seus pais, nais, ou titores legais, poderán presentar por escrito a dirección do centro docente, no prazo de dous días hábiles a partir do día seguinte á comunicación sobre a decisión adoptada, reclamación ante a xefatura territorial correspondente da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

A dirección do centro docente, no prazo máis breve posible e en todo caso non superior a tres días hábiles, remitirá o expediente á xefatura territorial. O devandito expediente incorporará os informes elaborados no centro, copia fiel dos instrumentos de avaliación que xustifiquen as informacións acerca do proceso de avaliación do alumno ou alumna, así como, se é o caso, as novas alegacións do reclamante e o informe, se procede, do director ou directora sobre estas.

O Servizo de Inspección Educativa analizará o expediente e as alegacións que nel se conteñan á vista da programación didáctica do equipo docente ou departamento didáctico respectivo e da proposta curricular, e emitirá o seu informe favorable ou desfavorable á estimación da reclamación.

No prazo de quince días hábiles a partir da recepción do expediente, tendo en conta a proposta incluída no informe que elabore o Servizo de Inspección Educativa, a Xefatura Territorial adoptará a resolución pertinente, que será motivada en todo caso, e que se comunicará inmediatamente á dirección do centro para a súa aplicación e traslado á persoa interesada e que será consignada nos correspondentes documentos oficiais de avaliación. A resolución da xefatura territorial poñerá fin á vía administrativa.

Se, tras o proceso de revisión, procede a modificación dalgunha cualificación final e dos consecuentes efectos de promoción ou titulación para o alumno ou alumna, a persoa titular da secretaría do centro, co visto e prace da dirección, expedirá a correspondente dilixencia nas actas, no expediente académico e, se é o caso, nos restantes documentos de avaliación, facendo referencia á resolución estimatoria da reclamación.

Cando, á vista da resolución adoptada pola xefatura territorial, poida ser necesario modificar algunha das decisións previas adoptadas, reunirase o equipo docente en sesión extraordinaria.